

Normativa sobre grupos de investigación da Universidade de Vigo

Sendo conscientes da importancia que na actividade investigadora moderna ten o traballo en grupo, a Universidade de Vigo leva anos utilizando uns criterios que tentan favorecer a creación e consolidación de grupos de investigación que poidan resultar cada vez máis competitivos. Non obstante, estes criterios, aprobados no seu día pola Comisión de Investigación, non deron lugar ata o de agora a ningún regulamento e, ademais, deixan sen definir moitos dos aspectos que durante os últimos anos teñen producido conflitos, tales como a obriga ou non de pertencer a algún grupo determinado, o xeito de crear novos grupos a partir de grupos preexistentes ou o papel que as novas figuras de contratado de investigación poden desempeñar nestes grupos, cunha especial referencia á nova “carreira de tecnólogo” que aparece no INCITE este ano. Tamén estaba sen regulamentar a participación nos nosos grupos de investigadores pertencentes a outras institucións.

Por outra banda, desde a administración pública galega puxéronse en funcionamento dúas liñas de axudas para grupos cunha determinada constitución (no ano 2006 axudas para grupos de referencia da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria e no ano 2007 para grupos consolidados, da Consellaría de Industria) que obrigan ao Servizo de Investigación a xustificar ante a administración autonómica que se cumpren os mínimos recollidos nese programa.

Para rematar, cómpre poñer en marcha un sistema explícito de rexistro dos grupos de investigación.

Con base nestas apreciacións, e á espera de que o regulamento de investigación poida incluír estes e outros aspectos da actividade investigadora, a Comisión de Investigación aprobou por unanimidade a proposta que aquí se presenta, a fin de dotala de rango legal como acordo do Consello de Goberno e de darlles publicidade aos procesos de posta en marcha e de modificación de grupos de investigación. O principio básico que inspira esta normativa é que existe liberdade para asociarse e formar grupos de investigación, que se establecen tres niveis de grupo (o nivel mínimo interno, que é o que xa se estaba a considerar, e as dúas novas categorías, que serán semellantes nas tres universidades) e que, en todo caso, se axusten os grupos seguindo un procedemento regulado.

Normativa sobre os grupos de investigación e figuras de contratado de investigación en convocatorias públicas

Esta normativa ten por obxecto regulamentar as relacións entre o persoal investigador, os grupos de investigación e as tarefas que deben levar a cabo.

Grupo de investigación

Defínese un grupo de investigación da Universidade de Vigo como unha agrupación de investigadores con certa estabilidade. Para figuraren no catálogo oficial, o grupo deberá ter polo menos un investigador principal, que deberá ser doutor funcionario ou contratado doutor. Ademais, deberá contar con polo menos dous membros máis, sendo computables para estes efectos calquera profesor, contratados das figuras Ramón y Cajal e Parga Pondal durante os seus contratos, e bolseiros de investigación con bolsa correspondente a convocatorias públicas competitivas. En último lugar poderá formar parte do grupo calquera outro investigador en formación ou investigador que se queira asignar a este, sempre que pertenza á Universidade de Vigo ou a unidades asociadas. Para este mesmo efecto, poderanse incluír no grupo de investigación, coa consideración de colaboradores, investigadores doutras institucións, sempre que acadaran o permiso da institución á que pertencen.

Ademais desta composición mínima, establécense dúas categorías máis esixentes:

Os grupos consolidados, que son aqueles que constan polo menos de tres doutores.

Os grupos de referencia, que se definen como aqueles que teñen como mínimo catro profesores doutores e polo menos catro sexenios de investigación. Son os únicos que poden optar ás axudas do contrato-programa na súa modalidade A.

Ademais do rexistro de grupos, poderán rexistrarse investigadores individuais.

Participación dos investigadores nos grupos

Os investigadores son libres de asignarse ao grupo que soliciten, sempre que respecten os compromisos asinados e o grupo receptor os acepte. Ninguén pode ser obrigado a pertencer a un grupo de investigación. Unicamente os investigadores deberán facer fronte aos compromisos adquiridos. Ninguén pode pertencer simultaneamente a dous grupos de investigación distintos.

As convocatorias de axudas da Universidade poderán establecer a necesidade de estaren previamente rexistrados na base de datos de grupos e as condicións de tamaño que se estimen convenientes.

Base de datos de grupos de investigación

A Universidade de Vigo manterá unha única base de datos centralizada de investigación, en que consten os grupos e os investigadores rexistrados. A devandita base de datos será actualizada periodicamente.

Procedemento de inscrición de novos grupos

O investigador que vaia actuar como investigador principal entregará en calquera momento do ano unha solicitude de creación do grupo en que fará constar o nome proposto para o grupo, os seus compoñentes, coa súa categoría e coa sinatura de conformidade. A Comisión de Investigación dará de alta o grupo sempre que cumpra os requisitos.

Procedemento para a modificación de grupos

Anualmente nas datas fixadas pola Comisión de Investigación poderán presentarse propostas de modificación de grupos. Excepcionalmente poderán atenderse solicitudes de modificación de grupos noutras datas sempre que estea plenamente xustificado a xuízo da Comisión de Investigación. Cando un grupo se escinda, se un dos novos grupos o solicita, farase constar o reparto das infraestruturas.

Das novas figuras de contratación de investigadores e tecnólogos

Oferta de prazas Ramón y Cajal e Parga Pondal

A Comisión de Investigación velará para que na oferta anual destas prazas ou equivalentes se intente preservar o equilibrio entre ámbitos, e que o número de prazas asignadas aos grupos de investigación evite unha excesiva concentración en poucos grupos, sempre tendo en conta o tamaño dos grupos peticionarios e a súa calidade medida en termos de sexenios, produción científica e captación de recursos. Tamén se terá en conta a cantidade de contratos na área de coñecemento segundo o seu tamaño.

Os grupos que efectúen petición de oferta de prazas deberán indicar os espazos que porán a disposición do investigador contratado no caso de que se lle asigne ao grupo.

Oferta de prazas de tecnólogo

No caso de prazas cofinanciadas polo grupo de investigación, o tecnólogo pertencerá ao grupo que asume o cofinanciamento. En caso de solicitar cambio de grupo, este só poderá atenderse se o grupo que recibe o tecnólogo se fai cargo do cofinanciamento.

Esta normativa entrará en vigor o día seguinte da súa aprobación polo Consello de Goberno e estará vixente ata a aprobación e entrada en vigor do novo Regulamento de investigación.



UNIVERSIDADE
DE VIGO

Oferta de prazas de tecnólogo

No caso de prazas cofinanciadas polo grupo de investigación, o tecnólogo pertencerá ao grupo que asume o cofinanciamento. En caso de solicitar cambio de grupo, este só poderá atenderse se o grupo que recibe o tecnólogo se fai cargo do cofinanciamento.

Esta normativa entrará en vigor o día seguinte da súa aprobación polo Consello de Goberno e estará vixente ata a aprobación e entrada en vigor do novo Regulamento de investigación.

Dilixencia para facer constar que este regulamento foi aprobado na sesión de Consello de Goberno do 9 de maio de 2007.



Secretaria Xeral

Esther M^a González Pillado